

O MEU TRABALLO

TEMPORALIZACIÓN: 4 sesións de clase

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

0 O MEU TRABALLO

Obxectivo: Reflexionar sobre o concepto de traballo.

Descrición: A partir da observación dos debuxos da portada abrírase a conversación a cerca de cada unha das actividades que se reflicten.

Orientacións: As imaxes presentan diferentes tarefas que os nenos e nenas e as súas familias realizan de xeito cotián. O diálogo permitirá que se engadan outras actividades que realizan tanto os nenos como os adultos, en casa ou fóra dela. No taboleiro pódense anotar tódalas actividades, para que posteriormente analicen se as consideran traballo ou ben xogo ou ocio. É importante facer fincapé no traballo que se realiza na escola. Así mesmo comentarase os traballos que son remunerados e os que non. Hai que ter en conta que algúns traballos poden ser voluntarios ou caseiros e que todos contribúen para mellorar a vida dos demais.

1 ¿ONDE TRABALLAMOS?

Obxectivo: Comprobar que os nenos, as nenas e os membros das súas familias realizan traballos en diversos lugares.

Descrición: A partir da conversa xurdida a raíz da observación das imaxes, de xeito individual deberán completar o seguinte exercicio a partir da súa propia realidade e a da súa familia. Posteriormente realizarase a posta en común.

Orientacións: Os nenos e nenas recoñecen os diversos traballos e ámbitos nos que eles e as súas familias desempeñan diferentes actividades: na casa, na escola, na comunidade. Poden comentar que a colaboración e o traballo en equipo son necesarios para desenvolver moitas actividades e propoñer exemplos. Recoñecer que ó longo do día relaciónanse con moitas persoas que realizan traballos para o ben de todos: tanto na súa casa e como na comunidade, as persoas traballan dentro e fóra da casa (comercio, transporte, seguridade, etc.) Pode recomendarse que este exercicio se faga na casa coa familia.

Se se dispón de tempo pódese construír un mural coas informacións de tódolos nenos e nenas.

2 CO DIÑEIRO QUE GAÑA A MIÑA FAMILIA POLO SEU TRABALLO PODEMOS OBTER...

Obxectivos: Comprender que tódalas persoas necesitan satisfacer as súas necesidades básicas e que o traballo remunerado é un medio para satisfacelas (acceder a elas).

Descrición: A partir da frase introductoria, pódense recoller no taboleiro tódalas cousas que os nenos e nenas vaian citando. Posteriormente de forma individual debuxaranse. Débese procurar que se reflictan aspectos como alimentación, saúde, vivenda, escola, auga potable...

Unha vez debuxados analizaranse cales destas cousas son imprescindibles para vivir e trazarase un círculo arredor delas. Poranse en común, facendo mención especial a que tódalas persoas temos unhas necesidades básicas para vivir e debemos telas cubertas.

Orientacións: Os nenos e nenas reflexionan sobre a importancia de realizar ben os seus traballos tanto na casa como no colexio, recoñecer cómo se senten cando fan algo ben, cando lles dan as grazias, etc. Posteriormente comentan que a cambio dalgúns traballos que realizan as persoas da súa familia reciben o diñeiro co que poden obter as cousas que son indispensables para vivir, que son as NECESIDADES BÁSICAS. Recoñecer que aínda que hai outras cousas importantes, agradables, etc. non todas elas son necesarias para vivir. Poden preguntarlles ós seus avós cómo vivían cando eran pequenos e se tiñan as mesmas cousas que teñen agora na casa (xoguetes, libros, alimentos, etc.) Ter en conta que o traballo é un ben e un dereito de tódalas persoas, unha responsabilidade persoal e colectiva, ademais permite desenvolver as capacidades persoais e contribúe ó ben social.

3 HISTORIA DE ASHA E TESSA

Obxectivo: Coñecer o caso concreto dunhas persoas que non podían satisfacer as súas necesidades básicas por falta dun traballo digno. Descubrir que moitas persoas no Sur organizanse para ter un traballo que lles permita vivir con dignidade.

Descrición: A partir dunha mensaxe de Asha podemos coñecer os problemas que padecen miles de persoas no mundo.

Orientacións: A partir da lectura e de preguntas para a reflexión (¿onde traballaba Asha?, ¿que fai agora Asha?, ¿coñeces algunha familia que estea pasando pola mesma situación que Asha?) os nenos e nenas escoitan a historia e responden as preguntas, averiguan o significado das palabras novas: cooperativa, etc.

Relacionar a perda do traballo como un problema para poder satisfacer as necesidades básicas. Sería importante mencionar que hai outras necesidades tamén que é importante ter cubertas para poder vivir, como a atención médica ou a educación; os nenos e nenas poden mencionar outras cousas que consideren necesarias.

4 ¿QUE APRENDEMOS?

Obxectivos: Recapitular os conceptos que xurdiron e propoñer accións para o recoñecemento do traballo de tódalas persoas.

Descrición: De forma individual completarán frases que resuman as ideas máis importantes traballadas no monográfico.

Orientacións: Animámonos a participar na proposta de comunicación interescolar por Internet de Intermón Oxfam "Conectando Mundos". A partir do intercambio de mensaxes con Tessa e Asha, que actuarán como persoaxes virtuais, os teus alumnos poderán profundizar e propoñer vías de solución ós problemas que afectan ás nosas protagonistas.


¿E NÓS QUE PODEMOS FACER?

Orientacións: Os animamos a participar en la propuesta de comunicación interescolar por Internet de Intermón Oxfam "Conectando mundos". A partir del intercambio de mensajes con Tessa y Asha, que actuarán como personajes virtuales, tus alumnos podrán profundizar y proponer vías de solución a los problemas que afectan a nuestras protagonistas.

Na dirección web <http://www.intermonoxfam.org/conectandomundos> encontrarás a proposta detallada de "Conectando Mundos" para Primeiro Ciclo de Primaria

1º Ciclo de Primaria

O MEU TRABALLO





¿ONDE TRABALLAMOS?

Eu chámome

Así traballo na casa

e así no colexio

Esta é a miña familia

A miña mamá chámase

E traballa de

O meu papá chámase

e traballa de

é o meu/miña

e traballa de

é o meu/miña

e traballa de

2

CO DIÑEIRO QUE GAÑA A MIÑA FAMILIA POLO SEU TRABALLO PODEMOS OBTÉR...



Traza un círculo arredor daquelas cousas que son indispensables para vivir

¡Tódalas persoas as precisamos para vivir!

Ola, son Asha, o ano pasado traballaba nunha fábrica en Bangladesh cosendo camisetas. Co diñeiro que gañaba a penas podía comprar comida para os meus fillos: a miña filla maior Tessa tivo que deixar a escola para axudarme...



¡¡Tódalas persoas temos dereito a ter un traballo que nos permita cubrir as nosas necesidades básicas!!

¡Agora traballo nunha organización de comercio xusto, Bac Aarong. Máis de 350.000 persoas dedícanse á produción de artesanías, camisetas e outras prendas.

Agora recibo un prezo xusto polo meu traballo, a miña filla pode ir á escola e tamén podemos acudir ó médico...



4

¿QUE APRENDEMOS?

Ola, o meu nome
é e estes días aprendín que:

O meu traballo é importante porque


O traballo da miña familia é importante porque

Traballar é un dereito de tódalas

pero no mundo hai moitas persoas que

¿E NÓS QUE PODEMOS FACER?

Proposta de participación telemática escolar de Intermón Oxfam



conectando_mundos



Mudar as regras é posible,

a túa escola pode participar en CONECTANDO MUNDOS.

www.conectandomundos.org